

MANCOMUNIDADE
de MONTES
de PONTEVEDRA



“Aínda que a machada derrube todo o monte e queimen os niños dos paxaros e poñan trampas aos tigres vellos, eu plantarei unha árbore” (Proverbio grego)

Nº5/ 2015

en - comunicación

Boletín informativo

en - comunidade

Sumario:

En portada: O espazo arqueolóxico e natural dos Sete Camiños

Proxecto de Decreto polo que se regula a obriga de

reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de posta en valor e multifuncionalidade

DATAS PARA AS ACTIVIDADES FORMATIVAS DE OUTONO

NOVAS

AVISOS

Fala coa Mancomunidad montespontevedra@undo-r.com

ou a través do perfil en facebook:

Mancomunidad de Montes Pontevedra.

Achéganos as túas opinións e as novas da vosa comunidade: reunións, asembleas,...

Inauguración do Espazo arqueolóxico e Natural dos sete camiños.

O primeiro domingo de xuño inaugurouse este proxecto que ten entre outros aspectos positivos máis claros como a recuperación do patrimonio, o traballo conxunto de tres comunidades de Montes: **Lourizán, Salcedo e San Xulián**.

O proxecto que nacera no ano 2004 ve finalmente a luz no ano 2015, aglutinando vontades de persoas e máis de 20 entidades sociais.

O proxecto ten dúas fases. Unha primeira, na que as comunidades de montes están inmersas agora, que consiste na creación dunha páxina web e a **senalización da Ruta Arqueolóxica dos Sete Camiños** e dos elementos que integran o espazo. A empresa Citania, Arqueoloxía e Xestión do Patrimonio, cuxo orzamento foi seleccionado entre máis de media ducia, xa leva un tempo a traballar para que este soño de tantos anos se faga realidade.

Na segunda fase, cada comunidade de montes procederá a **posta en valor dos elementos situados nos seus terreos**, según os prazos e os medios que considere oportunos. Tamén está prevista a conexión do espazo coa Lagoa de Castiñeiras.

2. PROXECTO DE DECRETO DE REINVERSIÓN NOS MONTES VECIÑAIS

Onte publicouse no DOG o anuncio de exposición pública durante o prazo de un mes para a presentación de alegacións, do proxecto de decreto polo que se regula a obriga de reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de posta en valor e multifuncionalidade.

O proxecto atópase no seguinte enderezo web:

http://www.medioruralemar.xunta.es/fileadmin/arquivos/transparencia/elaboracion/Proxecto_o_Decreto_reinvestimento.pdf

Resaltamos do seu contido o seguinte:

- Regúlase que todos os ingresos da Comunidade de Montes deben contabilizarse para o establecemento do reinvestimento e establécense as categorías de clasificación dos mesmos:
 - a) Ingresos por aproveitamentos dos produtos do monte, definidos no artigo 84 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, resultantes de incendios forestais, pragas e temporais.
 - b) Restantes ingresos por aproveitamentos dos produtos do monte, definidos no artigo 84 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
 - c) Ingresos por percepción de subvencións ou axudas concedidas por entidades públicas ou privadas.
 - d) Ingresos por actos de disposición voluntaria tipificados na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e desenvolvidos no Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución de dita Lei, sexan arrendamentos, servidumes de paso, cesións, ocupacións, dereitos de superficie e calquera outro ingreso derivado de contratos similares.
 - e) Ingresos por expropiacións forzosas; tanto sexan nun pago único como pagos distribuídos no tempo.
 - f) Ingresos extraordinarios derivados de compensacións e indemnizacións, incluídos os recibidos de seguros subscritos pola comunidade.
 - g) Os ingresos financeiros derivados da cesión de capitais a terceiros (depósitos bancarios) incluíndo tamén intereses de préstamos concedidos a terceiros.
 - h) Beneficios patrimoniais derivados da venda de accións ou participacións previamente adquiridas pola comunidade.
 - i) Ingresos pola prestación de servizos a terceiros realizados por persoal propio da comunidade.
 - j) Outros ingresos; o resto de ingresos que poida ter a comunidade montes veciñais en man común.

- Respecto a cota mínima de reinvestimento dos ingresos ordinarios do 40 % regúlase que pode minorarse en aqueles casos nos que o proxecto de ordenación recolla unha cantidade menor necesaria no apartado de investimentos no monte. A aprobación de esta redución será de oficio no mesmo acto administrativo de aprobación do instrumento de ordenación ou xestión forestal.

- Se equipara a regulación forestal do reinvestimento coa regulación fiscal dando un prazo de catro anos para a finalización do devandito reinvestimento.

- Regúlase o destino dos ingresos sobrantes unha vez aplicada no monte a cota mínima de reinvestimento que poderá dedicarse a:
 - a) Na adquisición de montes, que serán cualificados polos respectivos xurados provinciais de montes veciñais en man común como montes veciñais en man común.




Mancomunidad de Montes de Pontevedra.
Antiga escola unitaria de Cons, s. n. – Mourente
Pontevedra

Tfno presidente: 659 54 55 59

Tfno. Asistencia Técnica: 986 85 14 24

montespontevedra@mundo-r.com Visita tamén o perfil en Facebook!!



MARCOMUNIDADE
de MONTES
de PORTEVEDRA



- b) Na posta en valor do monte veciñal desde o punto de vista social, patrimonial, cultural e ambiental.
 - c) En obras ou en servizos comunitarios con criterios de repartición proporcional entre os diversos lugares.
 - d) Na repartición, total ou parcial, en partes iguais entre todos os comuneiros. No suposto de expropiación forzosa, e sen prexuízo do establecido no artigo seguinte, esta repartición, total ou parcial, do importe do prezo xusto será autorizada pola Administración forestal, e a comunidade de montes deberá xustificar o cumprimento do establecido nesta lei.
- Regúlanse as actuacións ás que se poden dirixir as cotas de reinvestimento, que son:
- a) *Redacción ou actualización do instrumento de ordenación ou de xestión obrigatorio.*
 - b) *Os traballos programados no instrumento de ordenación ou de xestión aprobado pola Administración para ese monte. Nestes gastos poderanse incluír os custes derivados da contratación de persoal, maquinaria, tamén a súa reparación e consumibles nos traballos realizados, equipos de seguridade, combustible, vestimenta, incluso teléfono.*
 - c) *Os custes en materia de servizos de xestión que a aplicación do instrumento de xestión comporte e a súa certificación forestal. Entre eles débense considerar o servizo contable, laboral e de prevención de riscos, se procede, por tratarse de gastos necesarios para unha adecuada xestión do monte veciñal e, polo tanto, para a mellora do mesmo.*
Resulta moi interesante que se inclúen tamén como gastos deducibles non so os derivados da xestión forestal senón tamén:
 - a. Servizo de xestión do monte;
 - b. Servizo de obtención e mantemento do certificado de xestión forestal sustentable, mediante un sistema internacionalmente recoñecido.
 - c. Servizo contable e fiscal;
 - d. Servizo laboral e de prevención, no caso de contar con persoal propio;
 - e. Seguro de responsabilidade civil;
 - f. Servizos legais vinculados co desenvolvemento da actividade silvícola e xestión do monte.*Exclúense aquí os gastos de defensa xurídica vinculados coa defensa da integridade do monte ou a reclamación de novo monte veciñal.*
*Tamén terán a consideración como custes en materia de servizos de xestión forestal a **devolución da débeda contraída tras os anticipos reintegrables realizados pola Administración forestal** para aqueles montes baixo convenios ou novos contratos de xestión pública, ao abeiro do artigo 123 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.*
 - d) *Deslindamento, incluídos custes das avinzas, e posterior marcaxe do monte veciñal, así como aquelas actuacións destinadas á consolidar a propiedade e límites do monte, e velar pola súa conservación e integridade en aplicación do artigo 25 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.*
- Para aquelas comunidades que teñan ingresos extraordinarios elevados se regula tamén o plan de reinvestimento que permitirá ampliar o prazo de catro anos para a súa execución. Sen embargo non se harmoniza a tramitación deste plan coa tramitación perante a Axencia Tributaria de debe realizarse en paralelo e a aprobación do plan por parte da administración forestal non supón a súa aprobación tamén pola Axencia Tributaria, aspecto que entendo debe ser obxecto de reclamación polas comunidades de montes co obxecto de evitar a dupla tramitación desta plan.
- Regúlanse tamén as consecuencias da non presentación da comunicación de reinvestimentos: perda do dereito a percibir subvencións e sancións administrativas correspondentes a unha falta grave das tipificadas na Lei 7/2012 de Montes.
- Por último, o decreto define os procedementos para a realización da comunicación de reinvestimentos e as revisións das mesmas que pode realizar a administración.

3. DATAS PREVISTAS PARA AS ACTIVIDADES FORMATIVAS DE OUTONO.

📌 Antes de proceder a facer definitivas as datas para as actividades formativas:

MÓDULO DE PATRIMONIO CULTURAL	25 – 26 DE SETEMBRO
MÓDULO DE PATRIMONIO NATURAL	2 - 3 DE OUTUBRO
MÓDULO DE SOSTIBILIDADE FORESTAL: PEFC	16 – 17 DE OUTUBRO
MÓDULO DE CERTIFICACIÓN FORESTAL FSC	23 – 24 DE OUTUBRO

5. NOVAS DAS COMUNIDADES DE MONTES E DA MANCOMUNIDADE

📌 Aprobadas as subvencións de incendios presentadas polas Comunidades de Montes de Salcedo en agrupación coa Comunidade de Montes do Salgueiral e da Comunidade de Montes de Santa María de Xeve en agrupación coas de Lérez, Castro Lampán e Mourente.

📌 Agardamos as vosas comunicacións de novas e proxectos desenvolvidos.

📌 O secretario da Mancomunidade, Carlos Morgade, asistiu en representación da Mancomunidade de Montes á Asemblea anual ordinaria do GDR Pontevedra – O Morrazo. Os asuntos debatidos inclúen as contas da entidade, os proxectos aprobados e a previsión dunha selección de novos programas de desenvolvemento rural para o período 2014 – 2020.

📌 Deseño de carteis para as comunidades de Montes. Enviamos por email uns deseños de cartelería para unificar os letreiros que se coloquen nos monte veciñais. Agardamos as vosas suxestións.

6. AVISOS

📌 Durante un mes estará en exposición pública o proxecto de Decreto polo que se desenvolve a obriga de reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de posta en valor e multifuncioanlidade.

Un mes de prazo: non o deixes pasar! OPINA!

http://www.medioruralemar.xunta.es/fileadmin/arquivos/transparencia/elaboracion/Proxecto_Decreto_reinvestimento.pdf

📌 Mentres tanto, o vindeiro día 30 de xuño remata o prazo para entregar á Xunta de Galicia a comunicación de reinvestimentos. NON VOS ESQUEZADES e empregade xa os criterios recollidos no proxecto de decreto para o desconto das actividades e gastos realizados como reinvestimento.

📌 A exposición pública o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2015 – 2021. O prazo de alegacións está aberto ata o 6 de xullo de 2015.

📌 Unha iniciativa particular está interesada en arrendar unha parcela de monte de 1 – 2 ha. Para dedicala a cultivos de froito. Aquelas comunidades que estean interesados, poden poñerse en contacto coa asistencia técnica para organizar unha visita ás zonas que se ofrecen.



Mancomunidade de Montes de Pontevedra.
Antiga escola unitaria de Cons, s. n. – Mourente
Pontevedra

Tfno presidente: 659 54 55 59

Tfno. Asistencia Técnica: 986 85 14 24

montespontevedra@mundo-r.com Visita tamén o perfil en Facebook!!